

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Plan económico financeiro do concello de Melide 2016-2017

Con data do 2 de xuño de 2016 o Concello Pleno aprobou o Plan económico financeiro que se publica a continuación en cumprimento da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF):

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE MELIDE

1.- FUNDAMENTO DA PRESENTACIÓN DO PLAN

De acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF), segundo a redación dada polo artigo 1.7 da Lei 9/2013 de control da débeda comercial no sector público, no caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un Plan Económico Financeiro que permita durante o ano en curso e o seguinte, o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.

A estabilidade orzamentaria pasou de ser un obxectivo da política económica a articularse en termos de obriga legal e constitucional.

En cumprimento do disposto no artigo 191.3 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 90 do RD 500/1990 que desenvolve a anterior en materia de presupostos, aprobouse a liquidación do orzamento do Concello de Melide correspondente ao exercicio 2015 mediante Decreto da Alcaldía do 29/02/2016, acompañada dos preceptivos informes da Intervención, poñéndose de manifesto o incumprimento por parte do Concello da regra de gasto.

Así, de acordo co sinalado, no informe de referencia 22/2016, de asunto: "Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, con motivo da liquidación do orzamento de 2015", emitido o 29/02/2016, resulta o incumprimento da regra de gasto; no dito informe se advertía da necesidade de dar cumprimento ao sinalado no artigo 21 da LOEPSF, isto é, elaborar un Plan económico financeiro.

O dito informe completouse co informe 55/2016, de asunto: "Comunicación da remisión da liquidación á Xunta de Galicia e ao Ministerio", do 19/04/2016, no que se comunicaba a remisión e unha "diferenza entre o incumprimento da regra de gasto calculada no informe 22/2016 (137.429,19 euros) con respecto aos datos calculados na plataforma (139.096,26 euros) ao realizar o envío de datos, aclarándose que na súa maior parte deriva da utilización do remanente de tesourería para gastos xerais derivado da liquidación do exercicio 2014, se ben debe realizarse o plan económico-financeiro a que se refire a normativa".

2.- OBXECTIVOS:

Os obxectivos que se pretenden obter co presente Plan Económico Financeiro son que o Concello de Melide continúe a cumprir con todas as magnitudes económico financeiras que permitan valorar positivamente a situación económica da Corporación seguintes:

- Aforro Neto positivo
- Remanente de Tesourería positivo
- Resultado Orzamentario positivo
- Nivel de Endebemento por debaixo dos límites marcados legalmente para cada exercicio.
- Estabilidade Orzamentaria en situación de Superávit ou de Capacidade de Financiamento
- Cumprimento da Regra de Gasto

Para lograr isto é necesario a elaboración do presente Plan, que se estruturará nas seguintes fases, seguindo o esquema establecido polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas:

- 1ª Fase: Causas, diagnóstico e previsión temporal:

A dita fase consiste en realizar unha análise das magnitudes descritas e outras que se consideren pertinentes para detectar cal é o motivo do incumprimento das Regras Fiscais de conformidade co previsto na LOEPSF.

- 2ª Fase: Medidas: descrición, contificación e calendario:

Esta fase consiste en determinar as estratexias de actuación e as medidas a adoptar; propóñense as principais medidas que se pretenden levar a cabo para corrir a situación contificando o efecto que as ditas medidas terán sobre a economía da entidade. Sinalanse os obxectivos a lograr coa aplicación do Plan en relación coa Capacidade/Necesidade de Financiamento, Límite de Gasto e Nivel de Débeda.

- 3ª Fase: Conclusión e obxectivo:

Isto é, téñense que levar á práctica as medidas propostas e desenvolvidas na fase anterior conforme o calendario de actuación que se aprobe.

- 4ª Fase: Control e Seguimento do Plan.

O control será realizado polo órgano de Tutela financeira a través dos Informes de Intervención trimestrais, semestrais ou anuais (de aprobación do Orzamento, Liquidación do Orzamento, Obrigas Trimestrais, etc) nos que se poña de manifesto si están a cumprirse os obxectivos marcados no propio Plan.

Segundo o artigo 21 da LOEPSF, o plan económico financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo de establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, contificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorxamentarios nos que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basan estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Ao contido mínimo anterior hai que engadir o contido establecido no apartado 2 do artigo 9 da Orde HAP/2105/2012 recollido nos seguintes termos:

- “a) Las medidas correctoras aprobadas, cuantificadas y fundamentadas, señalando la fecha de su implementación. Estas medidas deberán ser coherentes con la variación interanual de sus previsiones presupuestarias respectivas.*
- b) La estimación y justificación de los ajustes de contabilidad nacional y la coherencia con el límite de gasto no financiero, calculado en la forma que establece la regla del gasto.*
- c) La evolución de la deuda, el cumplimiento del límite de deuda, las magnitudes de ahorro bruto y neto, la estimación de los saldos de tesorería, el exceso de financiación afectada y el remanente de tesorería para gastos generales”.*

Ademais, a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local incluíu un novo artigo 116.bis na Lei de Bases de Réxime Local que no seu apartado segundo ven a establecer o contido adicional que o plan debe presentar, por canto que deberá tamén incluír a lo menos algunha das seguintes medidas:

- a) Supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir custes.
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custes.
- d) Racionalización organizativa.
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.

3.- PRIMEIRA FASE: CAUSAS, DIAGNÓSTICO E PREVISIÓN TEMPORAL

A causa do incumprimento da regra de gasto responde fundamentalmente a unha modificación orzamentaria financiada con remanente de tesorería para gastos xerais, por importe total de 131.609,30 euros no exercicio 2015, sendo que o incumprimento da regra de gasto cifrase en 139.096,26 euros.

Non obstante, para poder elaborar un plan económico e financeiro procede previamente analizar a situación económica e financeira deste Concello nos últimos oito exercicios, para o que se pode consultar o informe de Intervención de referencia 21/2016, de asunto: "Liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio económico de 2015", emitido o 29/02/2016, apartados 4 e seguintes.

Seguindo o esquema establecido polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, resultaría que:

a) A evolución dos ingresos e gastos dos orzamentos deste Concello, baixo a hipótese de non producirse cambios nas políticas fiscais e de gastos, é a recollida nos cadros seguintes:

INGRESOS - INFORMACIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA				
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	2015 * (1)	2016* (2)	2017* (3)
1	Impostos directos	2.092.957,56	2.247.655,53	2.305.067,36
2	Impostos indirectos	69.278,27	69.536,18	40.880,00
3	Taxas e outros ingresos	906.308,31	858.658,58	874.993,27
4	Transferencias correntes	2.667.070,28	2.396.943,00	2.348.006,63
5	Ingresos Patrimoniais	956,56	1.000,00	1.022,00
6	Alleamento investimentos reais	0	0	0
7	Transferencias de capital	1.022.154,86	963.325,73	842.838,60
8	Activos financeiros	0	0	0
9	Pasivos financeiros	240.064,21	325.615,74	0
Total		6.998.790,05	6.862.734,76	6.412.807,86

(1) Dereitos recoñecidos netos

(2) Previsións de dereitos recoñecidos netos a final de exercicio de acordo coa información remitida ao Ministerio de execución do primeiro trimestre de 2016, tendo en conta que se solicitou o PAI2016 (298.482,86 euros de préstamo sen xuros para destinar: 251.421,83 a investimentos e 47.061,03 a amortizar débeda bancaria).

(3) Previsións de dereitos recoñecidos netos comunicados ao Ministerio con ocasión do envío dos marcos orzamentarios 2016/2019, aprobados por Decreto do 10/03/2016.

GASTOS - INFORMACIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA				
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	2015 *(4)	2016* (5)	2017* (6)
1	Gastos de persoal	1.882.876,19	2.008.025,17	2.074.891,23
2	Gastos en bens correntes e servizos	2.854.886,67	2.771.194,17	2.784.928,54
3	Gastos financeiros	5.547,69	3.500	3.500,00
4	Transferencias correntes	165.259,26	538.854,74	477.979,74
6	Investimentos reais	1.707.147,22	1.309.651,83	951.983,67
7	Transferencias de capital	0	0	0
8	Activos financeiros	0	0	0
9	Pasivos financieros	245.037	118.095,64	95.157,49
Total		6.860.754,03	6.749.321,55	6.388.440,67

(4) Obrigas recoñecidas netas

(5) Previsións de obrigas recoñecidas netas a final de exercicio de acordo coa información remitida ao Ministerio de execución do primeiro trimestre de 2016, actualizado cos datos do PAI2016

(6) Previsións de obrigas recoñecidas netas comunicados ao Ministerio con ocasión do envío dos marcos orzamentarios 2016/2019, aprobados por Decreto do 10/03/2016.

De acordo co anterior, para os efectos do CÁLCULO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, resultaría a seguinte necesidade/capacidade de financiamento:

	2015	2016	2017
Ingresos non financeiros	6.758.725,84	6.537.119,02	6.412.807,86
Gastos non financeiros	6.615.717,03	6.631.225,91	6.293.283,18
Axustes	133.288,75	94.107,60	0
Capacidade de financiamento	276.297,56	0,71	119.524,68

Polo que se refire ao cumprimento da REGRA DE GASTO, resultaría:

	2015	2016	2017
Gasto computable liquidación ano n-1	3.885.949,95	4.075.563,56	4.025.368,27
Taxa referencia- límite regra de gasto ano n	3.936.467,29	4.148.923,70	4.113.926,37
Gasto computable liquidación ano n	4.075.563,56	4.025.368,27*	3.941.556,49
Resultado	-139.096,27	123.555,43	172.369,88

Taxa de referencia para 2015: 1,30; para 2016: 1,80 e para 2017: 2,20.

* O incremento do gasto computable en 2016 débese en parte á concesión do PAS2015, por importe total de 508.261,90 euros incrementándose as obrigas financiadas por outras administracións con respecto á achega calculada na liquidación do exercicio 2015 (que foi de 2.351.726,69 euros) nun 50% do importe concedido no PAS2015, polo que as achegas acadarían a contía de 2.605.857,64 euros; no exercicio 2017 se calcula por igual contía que no exercicio 2015.

E respecto do VOLUME DE ENDEBEDAMENTO E LÍMITE DE DÉBEDA, resultaría, tamén de acordo cos datos remitidos na execución trimestral do primeiro trimestre de 2016, actualizado coa utilización do remanente para gastos xerais por importe de o seguinte:

Entidade	Importe Inicial	débada viva 31/12/2015	Amortizacion 2016	débada viva a 31/12/2016	Amortizacion 2017	débada viva a 31/12/2017
BCL/BBVA	781.156,71	347.180,74	43.397,60	303.783,14	43.397,60	260.385,54
BCL/BBVA	270.455,45	83.217,04	20.804,27	62.412,77	20.804,27	41.608,50
Caixa Rural	838.171,85	47.829,38	47.829,38	0,00	0,00	0,00
PAI2015	309.556,17	309.556,17	0,00	309.556,17	30.955,62	278.600,55
PAI2016	298.482,86			298.482,86		298.482,86
TOTAL	3.542.793,30	787.783,33	112.031,25	974.234,94	95.157,49	879.077,45
DRN Cap I a V		5.736.570,98		5.573.793,29		5.569.969,26
Coefficiente de endebedamento		13,73%		17,48%		15,78%

Finalmente, polo que se refire ao cumprimento da DÉBEDA COMERCIAL E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEEDORES, a situación é de cumprimento, como pode observarse no seguinte cadro, así:

2015		2016		2017	
Total débada comercial	PMP	Total débada comercial	PMP	Total débada comercial	PMP
151.825,82	6,32	150.000	6,32	150.000	6,32

O total da débeda comercial a 31/12/2015 ascendía a 151.825,82 euros, sendo o período medio de pago anual de 6,32 días (6,22 no primeiro trimestre; 6,46 no segundo; 9,33 no terceiro e 3,27 no cuarto, de acordo coas comunicacións remitidas pola Intervención municipal ao Ministerio).

As estimacións para 2016 e 2017 realízanse tendo en conta igual período medio de pago.

4.- SEGUNDA FASE: MEDIDAS: DESCRIPCIÓN, CONTIFICACIÓN E CALENDARIO

Tendo en conta o incumprimento da regra de gasto derivado da liquidación do exercicio 2015 na contía de 139.096,27 euros, fundamentado na súa maior parte pola utilización do remanente de tesourería positivo derivado da liquidación do exercicio 2014 para financiar un expediente de modificación de créditos na modalidade de suplemento de crédito por importe total de 131.609,30 euros, e o cumprimento de todas e cada unha das outras magnitudes así como dos obxectivos de estabilidade e endebedamento e do período medio de pagamento a provedores,

Tendo en conta que este incumprimento ten un carácter coxuntural e non estrutural por canto que se trata dunha incorporación financiada con remanente de tesourería para gastos xerais, fonte ésta de financiamento que ten un tratamento orzamentario distinto na Administración do Estado e que fai que o aforro xenerado polo concello non poida quedar á marxe da regra de gasto,

Tendo en conta que podería dicirse que o incumprimento da regra de gasto en principio é máis formal que real, pois a situación da Corporación é netamente positiva, como o corroboran diversas ratios de aforro bruto, aforro neto, remanente de tesourería para gastos xerais (todos eles positivos), pois non se debe olvidar que a regra de gasto impide ou dificulta o traspaso do aforro a outros exercicios, e o efecto que produce a modificación orzamentaria orixe ou causante da necesidade do PEF é simplemente trasladar ou aplicar parte do aforro xerado pola Corporación ao exercicio incumplidor.

As medidas que se propoñen serían as seguintes:

NO ESTADO DE GASTOS

- Destinar o Remanente de tesourería para gastos xerais derivado da liquidación do exercicio 2015, por importe total de 242.115,33 euros a:
 - a) Financiar as facturas incluídas na conta 413 a 31/12/2015, para o que xa se tramitou o correspondente expediente de modificación de créditos número 1/2016, na modalidade de suplemento de crédito, por importe de 150.544,21 euros, e
 - b) Amortizar débeda, por importe de 91.571,12 euros (Isto suporía un aforro de xuros de aproximadamente 2.750 euros anual a partir do exercicio 2017)
- Acordar a non disponibilidad de créditos nas tres prazas vacantes de policía local por medio ano, do que resultaría a contía de 44.506,35 euros, concretamente distribuídos por aplicacións orzamentarias como segue:

Aplicación orzamentaria	Importe
132.12003	14.975,73
132.12100	10.813,74
132.12101	18.716,88

O importe total das medidas adoptadas terían efecto sobre os empregos non financeiros na contía de 46.806,35 euros, ademais de rebaixar a débeda municipal ao realizar amortización de préstamos con entidades bancarias (empregos financeiros).

- Dar máxima importancia ao principio de anualidade orzamentaria, procurando que todos os gastos correspondentes ao ano en curso sexan executados integramente no ano.
- Limitar a utilización do Remanente de Tesourería para o financiamento de gastos (tanto o Exceso de Financiamento Afectado como o Remanente Líquido de Tesourería), adoptando medidas compensatorias, no caso de ser necesario e inevitable acudir a este recurso para financiar determinados gastos en anos venideros

NO ESTADO DE INGRESOS

No estado de Ingresos, tendo en conta as recomendacións emitidas pola Intervención municipal en diversos informes, valorarase a posibilidade de adoptar medidas tendentes a posibilitar a inspección/comprobación dos tributos municipais así como de calquera outro ingreso, de forma que as obrigas tributarias se cumpran por todos os obrigados tributarios en igual medida, así como tramitar os expedientes de reposición de legalidade e sancionadores que correspondan, co consecuente incremento de ingresos nas arcas municipais, que pode valorarse, de acordo co informe 77/2015, de asunto: “saldos pendentes de cobramento”, emitido o 10/04/2015, en 81.702,28 euros.

En relación ao contido adicional que a Lei 27/2013 vén fixar para o plan económico financeiro, considera esta Alcaldía que non procede aplicarlas ao resultar o incumprimento da utilización do Remanente de tesourería para gastos xerais, isto é, o propio aforro municipal, polo que:

- Non se considera necesario suprimir competencias distintas das propias e das exercidas por delegación, por canto que se trata de manter un nivel de orzamento similar ao de exercicios anteriores, nos que se presuposta con prudencia e a única distorsión que se produce é a derivada da realización de gastos por encima dos créditos orzamentados nunha contía superior á existente no exercicio inmediatamente anterior (situación que, por outra parte debe ser corrixida).
- En canto á xestión integrada e coordinada dos servizos obrigatorios que presta o Concello para reducir custes, continuarase cumprindo, sempre tendo en conta as actuacións que a Deputación Provincial poida realizar en canto á contratación dun estudo sobre os custos dos servizos obrigatorios que prestan os concellos a fin de que determine cal é a mellor forma de prestalos, dando así cumprimento ao disposto no artigo 26 da LBRL como consecuencia da modificación introducida pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta o concello. De momento non se considera necesario aplicar esta medida por canto que basicamente o que se pretende é reducir o gasto no exercicio 2016 e que sexa esta contención do gasto a que permita recuperar a situación de equilibrio, sen prexuízo de actuacións de inspección e comprobación en ingresos na medida en que sexa posible.
- Racionalización organizativa. Non se considera necesario adoptar esta medida.
- Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio. Este concello non ten entidades desta natureza.
- Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia. Non se considera unha medida necesaria por canto que este Concello, a pesares do seu orzamento limitado, ten capacidade suficiente para seguir prestando os servizos básicos que presta aos seus veciños sen ser necesario fusionarse con outros, o que, por outra banda, tampouco é unha medida que por si mesma supoña aforro ningún.

Por último, se considera que as medidas propostas son coherentes coas variacións interanuais das previsións orzamentarias respectivas.

5.- TERCEIRA FASE. CONCLUSIÓN DO PEF

Facendo unha proxección cos datos recollidos anteriormente e as medidas que se pretenden adoptar, resultaría:

5.1.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:

De acordo co anterior, para os efectos do CÁLCULO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, resultaría a seguinte necesidade/capacidade de financiamento:

	2016	2017
Ingresos non financeiros	6.537.119,02	6.412.807,86
Gastos non financeiros	6.631.225,91	6.293.283,18
Axustes	94.107,60	0
Capacidade de financiamento	0,71	119.524,68
Efecto das medidas	126.208,63	2.750
Capacidade de financiamento PEF	126.209,34	122.274,68

5.2.- REGRA DE GASTO:

	2016	2017
Gasto computable liquidación ano n-1	4.075.563,56	4.109.272,06
Taxa referencia- límite regra de gasto ano n	4.148.923,70	4.199.676,04
Gasto computable liquidación ano n	4.025.368,27	3.941.556,49
Resultado	123.555,43	172.369,88
Efecto das medidas	44.506,35	2.750
Resultado PEF	168.061,78	175.119,88

5.3.- VOLUME DE ENDEBEDAMENTO E LÍMITE DE DÉBEDA:

Entidade	Importe Inicial	débeda viva 31/12/2015	Amortizacion 2016	débeda viva a 31/12/2016	Amortizacion 2017	débeda viva a 31/12/2017
BCL/BBVA	781.156,71	347.180,74	134.968,72	212.212,02	43.397,60	168.814,42
BCL/BBVA	270.455,45	83.217,04	20.804,27	62.412,77	20.804,27	41.608,50
Caixa Rural	838.171,85	47.829,38	47.829,38	0,00	0	0,00
PAI2015	309.556,17	309.556,17	0,00	309.556,17	30.955,62	278.600,55
PAI2016	298.482,86		0	298.482,86	0	298.482,86
TOTAL	3.542.793,30	787.783,33	203.602,37	882.663,82	95.157,49	787.506,33
DRN Cap I a V		5.736.570,98		5.573.793,29		5.569.969,26
Axustes PEF				81.702,28		
Coefficiente de endebedamento		13,73%		15,61%		14,14%

A débeda comercial manteríase en iguais termos que os previstos no apartado inicial.

6.- CUARTA FASE. CONTROL E SEGUIMIENTO DO PLAN

O control será realizado polo órgano de Tutela financeira a través dos Informes de Intervención trimestrais, semestrais ou anuais (de aprobación do Orzamento, Liquidación do Orzamento, Obrigas Trimestrais, etc) nos que se poña de manifesto si están a cumprirse os obxectivos marcados no propio Plan.

7.- CONCLUSIÓN

No informe emitido pola Intervención municipal en relación á Liquidación do exercicio 2015 constatouse o incumprimento da regra de gasto regulada no artigo 12 da LOEPSF.

Como consecuencia do anterior, e dando cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, esta Alcaldía formula o presente plan económico financeiro para a súa aprobación polo Pleno do Concello.

Considérase que unha vez aplicadas as medidas contidas no presente plan, o Concello de Melide cumprirá co obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto ao final dos exercicios 2016 e 2017, con ocasión da aprobación da súa liquidación. Estímase entón que nese momento se producirá unha situación de equilibrio ou de superávit en termos de contabilidade nacional. Tamén se estima un volume de débeda viva moi inferior ao legalmente previsto como límite.

O que se fai público de acordo co sinalado na LOEPSF.-

Melide, 3 de xuño de 2016

A alcaldesa

Dalia García Couso